


AVENTURA

DE SOL POR



Pablo Rodríguez (Oitabén)

en Pena Corneira

Unidades Didácticas

isp
INSTITUTO GALIZO DE
SOCIO PEDAGOGÍA
e innovación educativa

GALIZA
editora

*A tódolos que algunha vez tiveron
unha boa idea para defende-lo medio
ambiente natural, aunque non poideran
poñela en práctica.*

Pablo Rodríguez “Oitabén”

AVENTURA DE SOL POR EN PENA CORNEIRA

Unidades Didácticas

GALIZA
editora

1 9 9 0

Agradecimentos:

*A Dámaso Moreiras e Juan Carlos Sequeiros
pola aportación de datos xeolóxicos.*

© Debuxos, fotos, texto e guión: Pablo Rodríguez "Oitabén"

© Galiza editora

"A edición desta obra foi subvencionada, segundo a Orde do 17 de abril de 1990 (D.O.G. n.º 77, 20-4-90) da Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia".

PROMOCIONA:



Apartado 1102
32080 OURENSE

EDITA: **GALIZA**
editora

Torres do Pino-Bloque Sur, 10.º A
Tel. (988) 21 60 28
Apartado 1168
32001 - OURENSE

Imprime: "VELOGRAF, S.A." - Santiago

ISBN: 84-86129-22-2

Dep. Leg.: C-11-91

IMPRESO EN GALIZA





NO ALTO DO OUTEIRO DESTACA A LAXA DE PENA CORNEIRA, OLLADA DESDE O POBO DE FARAMONTAOS, PODENDO APRECIARSE A DIRECTA A DESTRUCCION E DANO IRREPARABLE QUE AS CANTEIRAS FAN NESTA SINGULAR PARAXE GRANÍTICA.

Seguramente ningún outro accidente orográfico ourensano delimita tan ben o cumio extremo dunha bisbarra como a Pena Corneira que a modo de fita xigantesca indica ata onde chega o Ribeiro e onde escomenza "A Serra".


Desde calquera pobo do Ribeiro pode ollarse a figura da rocha granítica que como un enorme ovo pétreo preside o val do Avia, sendo un dexomunal como para os de Carballeda e dedo pulgar para os de Avión. Quizaves un dos personidos máis fermosos que todo viaxeiro poida facer - se quer admirar en distintas perspectivas a laxa de Pena Corneira-, sexa o que principia no fondal de Beade e segue a ruta da estrada local a Beariz pasando polas Regadas, Beiro e Avión para continuar pola provincial que cruza Feás e sai por Bómedes á nacional 541 de Pontevedra.

Na no lugar, a 600 m de altitude terase a sensación de que un granizo xiganteo acon-

técen. A inquietanza pode se-lo principal sentimento do viaxeiro que terá ó frente as augas do encoro de Albarellos que amansa as correntes dos rios Doade-Candelle e Avia. Á dereita, seguindo a estrada que leva a Leiro atópase a capela de San Bartolomé, integrada no entorno natural (escenario de brincadeiras da mocidade que nas antigas romerías gustaban de perderse por entre o labirinto de pedras). Faramontaos queda á esquerda. Entañable pobo, sempre vixiado pola rocha, o mesmo que Orega na abada do outeiro, con sarreiros que levan ó alto, e pobos que bruxas e trasgos suben tódolos solsticios de verán -cando o sol, visto desde o fondo, trara o amplo circo por riba da hierática pedra- que ansiosa espera o sinal dun definitivo aquelame no que poida contemplar o fin da destrución da súa paraxe.




SOL DA TARDE EN PENA CORNEIRA CON VISTA PANORAMICA DA SERRA DO FARO.



PRINCIPAIS PERSONAXES DESTA HISTORIETA:



De



Sol



É O MAIS VETERANO DE TODOS, NACEU DUNHA DEGA NO ANO 1.972, SENDO BAUTIZADO CO NOME DE LEANDRO. NO 1.974, PASOU A DENOMINARSE "A VÍCTIMA", E NA ACTUALIDADE CHAMÁSE DE... ¿SERÁ ESTE O NOME DEFINITIVO?

XURDIU DUN OVO DE BUXXATO NO ANO 1.974, ANQUE O SEU PRIMEIRO EMPREGO, XUNTO CON POR, FOI O DE PERSEGUIR, SEN TREGUA A AS-TUTA PEGA, A VÍCTIMA, HOXE SON AMIGOS E COLABORADORES.



Por

REPRESENTA OS IDEAS E ECOLOXISTAS. É A ENCARNACION DO ALTRUISMO QUE SE ENFRENTA OS EXPLO-TADORES, IRRACIONAIS DA NATUREZA.

Pena



SEMELLANTE A UNHA GARDUÑA, DA MESMA IDADE CA SOL, ERA O SEU ALIADO NA LOITA CONTRA AS PEGAS, PERO REMATOU TAMÉN FACÉNDOSE AMIGO DELAS E SENDO UN FIEL COMPAREIÑO DE SOL E DE.


É DOS QUE SO VEN NA NATUREZA ALGO QUE TEN QUE CONVERTERSE EN CARTOS.

Amo
Pica-
raña





A SERRA DE CORNEIRA É UNHA AUTÉNTICA PENEDÍA QUE ARRANCA DA DO FARO EN DIRECCIÓN N.E. CUMEANDO NO ENORME MONOLITO QUE TEMOS EN FRENTE...



DE LONXE, MESMO PARECE UN OVO!

A MIN FAÍME LEMBRAR OUTRA COUSA!

HE, HE, HE.



ESTE PENEDO GRANÍTICO DUNS 40 METROS DE ALTO, XUNTO COA PENEDÍA QUE O COMPLEMENTA, XA CHAMARA A ATENCIÓN DE EMINENTES NATURALISTAS E ESCRITORES DOUTROS TEMPOS.



ASÍ, LÓPEZ SEOANE, NA SÚA RESEÑA XEOLÓXICA DA HISTORIA NATURAL DE GALICIA, ENSALZA O GRANITO PORFÍDEO DE PENA CORNEIRA ONDE SE ATOPAN PEZAS DUNHAS CINCO MIL VARAS CÚBICAS SEN A MENOR FENEDURA.





A DESFEITA IRREVER-
SIBLE QUE ESTA A
SOFRI-LA PAISAXE.



¡OIM DICIR QUE
FORON INVENTADAS
POLO DIAÑO PARA
ACABAR COA BELEZA
DOS EIDOS
NATURAIS!




ESTAS ODIOSAS MAQUI-
NAS ESTAN ARRASAN-
DO CON
TODO!



NON DEIXAN
UN PENEDO
SAN!

DESDE LOGO,
ISTO É COU-
SA DO
DEMO!



TEÑEN
QUE SER
ENXENDROS
MALIGNOS!







...ANTES DE QUE A PARA-XE SEXA ES-NAQUIZADA TOTALMENTE.



¡SERA MELLOR QUE BUSQUEMOS POR SEPARADO..





¿E QUE É O QUE TEMOS QUE ATOPAR?...



...¿SE É QUE SE PODE SABER?

¡ESTES PANTEONS ALPORÍZANME AS PLUMAS!



¡A CLAVE DO PÓR QUÉ DESTA INFERNAL CANTEIRA!



¡ESTA BEN!...
¡ESTA BEN!
¡MARCHEMOS EN BÚSCA DA CLAVE!



MENTRES ELES REBUSCAN ARREDOR DOS PENEDOS SECUNDARIOS, EU CENTRAREIME NO PRINCIPAL.



¡EPA!







HA HA HA HA!!
CAICHES NATRAM-
PA DE ALLO DE CAN!!

NOTA:
O ALLO DE CAN
É UN XACINTO
BRAVO DE FLO-
RES AZUIS.
O BOLBO DO
QUE NACE, SOL-
TA UN ZUME IN-
COLORO QUE APE-
GA MOI BEN.

NON REBULAS
QUE É PEOR!!

DA A CARA
LAMBÓN!



ESTA COLA NON
FALLA...
HA, HA,
HA!



ONDE ME
LEVAS?

AGARRATE
QUE HAI CUR-
VA!

XA O SABERÁS
HE, HE, HE...

Oitabez

¡OH PODEROSO
AMO PICARAÑA!
ESTE INTRUSO
CAEU NA TRAM-
PA Nº 1.
¿QUE LLE
FACEMOS?



¿CON QUE
AXEXANDO?
¿EH? ¿DESA-
PEGALO E ATALO XUN-
TO A PRISIONEIRA!

¡MAÑA SERA CONVER-
TIDO NUN
PROPIAÑO!



NUN BLOQUE DE PEDRA
DE 120X60 CM PARA A
PAREDE DO CARCERE
QUE MANDEI
CONSTRUIR.



SI ESTIVERA SOLTU
¡ACHE DAR EU A TI PROPIAÑO,
¡CACHO DE FERRAMENTA!







¡ELI SON A EN-
CARNACIÓN DE
PENA CORNEI-
RA!



¡VALAME
DEUS!. ¡ISTO
COSTAME
CRELO!



¿E POR
QUE ES-
TAS ENCA-
DEADA?

¡TODO ESCOMENZOU
COA CHEGADA DUNS
EXTRANOS SERES!...

¡ERA TAL A FLU-
RIA QUE DESCAR-
GABAN CONTRA
OS PENEDOS QUE
OS LABREGOS
DICÍAN QUE
CHOVÍA
PICARAÑAS!





...PRONTO O XEFE DELES COMPRENDEU QUE PODERÍA DESTRUI-LA PAISAXE MAIS COMODAMENTE.




...OS HUMANOS ESCOÍTARON AS RAZONS DO "AMO PICARAÑA".



...E AS MAQUINAS NON TARDARON EN CHEGAR.





¡HE, HE, HE!...;AS FUTURAS XERACIONS NON PODERÁN DISFRUTAR DA FERMOXURA DESTE LUGAR!...



DECATOME DE QUE ESA EXPLOTACIÓN DAS PEDRAS, RAPIDA E BRUTAL, POUCO TEN QUE VER CO APROVEITAMENTO QUE DELAS ANTES FACÍAN OS LUGAREÑOS.



PERO ¡ A COUSA NON QUEDOU AÍ !

...OS EXPLOSIVOS COMPLETABAN A OBRA DAS MÁQUINAS.



OUTROS HUMANOS ACUDIRON PARA DETE-LA DESTRUCCIÓN...



¡ MENOS MAL !

CONTRARIADO O AMO PICA-RAÑA...



¡ ATAQUE !




¡ ACABADE CON ELAS !



¡ HE, HE, HE !, NON QUEDOU UN PARA CONTA-LO CASO !

...PERO A VONTADE
CONSERVACIONISTA NON
PODÍA MORRER!...



...FUN APRESADA E ENCADEADA...
CÓMO PODES VER!

¿CON QUE TI ERE-LO
PENSAMENTO ECOLOXISTA?

¡SI!, E PARA
VOLVER A LOITA DEBO
FLUXIR DE AQUI.



¿DEIXACHESME
TOTALMENTE
ABRAIADO!





DEIXEMOS POLO
MOMENTO AS
PROFUNDIDADES DA
COVA E SAIAMOS Ó
EXTERIOR... Ó
AR LIBRE.



-¿PERO QUE ERA DE SOL E POR EN TODO ESE
TEMPO?

¿QUE,
ATOPACHE-LA
CLAVE?

¡CA! ¡SO
ATOPEI UNHA
CLAVIÑA! ¿E TI?



¡BO!...EU ATO-
PEI ESTA PARTI-
TURA EN CLAVE
DE SOL...
PERO CREO
QUE ESTO
NON É O QUE
TIÑAMOS QUE
ATOPAR.



¡CERTO! ¡A CLAVE DO
FEITIZO DA DESTRUCCIÓN
DA PAISAXE TEN
QUE SER OUTRA!



¡NON CHE
PARECE
QUE DE
TARDA
MOITO?

¡SI!... HAI MAIS
DUNHA HORA QUE
TIÑA QUE ESTAR
AQUÍ.





¡HAI QUE BUSCALO; ...O MELLOR PASOULLE ALGO!...

¡BUSCA, BUSCA! NIN QUE FORA UN CAN DE CAZA.

-SOL ÍA TER PROBLEMAS SERIOS O ATOPARSE CON OUTRO BUXATO.



¿INVADÍNDOME O ESPACIO AÉREO? ¿EH? ¡AGORA VERAS!




SERA MELLOR QUE ME MANTENA A DEFENSIVA...



ESTE SALVAXE ESTA EN BOA FORMA FÍSICA.

¿QUE TOMAS PARA UN VIDEO!

A SERRA DE CORNEIRA É UNHA AUTÉNTICA PENEDÍA QUE ARRANCA DA DO FARO EN DIRECCIÓN N.E. CUMEANDO NO ENORME MONOLITO QUE TEMOS EN FRENTE...



DE LONXE, MESMO PARECE UN OVO!



A MIN FAÍME LEMBRAR OUTRA COUSA!

ESTE PENEDO GRANÍTICO DUNS 40 METROS DE ALTO, XUNTO COA PENEDÍA QUE O COMPLEMENTA, XA CHAMARA A ATENCIÓN DE EMINENTES NATURALISTAS E ESCRITORES DOUTROS TEMPOS.



ASÍ, LÓPEZ SEOANE, NA SÚA RESEÑA XEOLÓXICA DA HISTORIA NATURAL DE GALICIA, ENSALZA O GRANITO PORFÍDEO DE PENA CORNEIRA ONDE SE ATOPAN PEZAS DUNHAS CINCO MIL VARAS CÚBICAS SEN A MENOR FENEDURA.





¡A BOCA
DUNHA COVA!

¡NON HAI
ARAÑEIRAS!...



¡POR AÍ METEUSE
ALGUÉN FAI
POUCO!

¡POIS NADA!,
ADENTRO
QUÉ É GRATIS.



MENTRES
NOS ILUMINE A
LUZ DA ENTRADA
PODEREMOS
SEGUIR...
PERO
DESPOIS...

¡AGARRATE A PUNTA
DA MIÑA RABEIRA PARA
NON PERDERTE... É
DEIXA DE TREMAR
CO MEDO!



¡TRANQUILO!,
NON ESQUEZAS
QUE AS GARDUÑAS
VEMOS
BEN NA
ESCU-
RIDA-
DE.



-DE PRONTO

¡QUE
FOI ESQ
POR?

HA, HA, HA!!
ESTA TRAMPA
AMOLOUTE

¡SALVEIME POLOS
PELOS!...ESTE TIPO
ARREPIAME
OS COIROS...



...SE
EN-
TRA
ALGÚN
ESPIA
MAIS...



MENUDA
PEZA...
¿TERA
RELACIÓN
CO DE
ANTES?

¡POBRE
POR!

¿E QUE FAGO DA
MIÑA VIDA AGORA,
NESTE MUNDO
DE TEBRAS?





A CLARIDA-
DE PROCEDE
DA LUZ EMITIDA
POLA CABEZA DES-
TE EXTRAÑO HO-
ME PICARAÑA.



¡NON TEÑO MAIS REMEDIO
CA SEGUILOS, SE NON QUERO
MORRER NA ESCURIDADE!



¡AMO!;... ESTE
INIMIGO CAEU
NA TRAMPA
Nº 2



¡LEVALO
XUNTA OS
OUTROS!...



¿QUE PASOU?
ONDE
ESTOU?

¡DENTRO DUNHAS HORAS SERAN
CONVERTIDOS EN PROPIAÑOS
PARA A CONSTRUCCION!

¡O QUE FALTABA!,
TAMÉN TI FICHES
APRESADO.
¿E SOL?...¿QUE
FOI DEL?



¡CHISSHH!, DISIMU-
LADE!. CANDO SE MAR-
CHEN OS... GARDAS...
TRATAREI DE SOL-
TARVOS.



SE O GOLPE... FOI NA CABEZA...
¿POR QUE TAMÉN ME DOE O LOMBO?



¿E QUE TE
ARRASTRABAN
COMA SE FOSE
O TUTE!

...POLCO DESPOIS.

¡COIDAD
COS DEDOS!



ESTAS CORDAS NON SON
NADA PARA O MEU AFIADO
PETEIRO.

XA TIÑA
AS MANS
ENTUMECIDAS



¡AXIÑA!
ANTES DE
QUE VOLVAN



NON ROSMES
TANTO E
TRATA
DE
ARRINCA-
-LA CADEA
DE **PENA**.




¡NADA! NON
HAI MANEJ-
RA.



¡FUXIDE VÓS!
E MOI DIFÍCIL
LIBERARME!



¡NON PODEMOS
ABANDOARTE
AQUÍ!... ¡TES
QUE VOLVER
AS MENTES
ECOLOXISTAS!



¡ASÍ FAS BRUÍDO E NON
FENDES A CADEA!
OINLE DECIR O
AMO PICARAÑA
QUE SO HABÍA UNHA
POSIBILIDADE DE SAIR DAQUÍ



PARA RETORNAR ELI Ó MUNDO
DAS IDEAS TIÑAMOS QUE SABER
ES CONXURA-
LO FEITIZO
QUE OBRA
SOBRE
**PENA
CORNEIRA**.









¡MONTONS DE AREA!...
¡ESTAN A TRANSFORMARSE EN AREA!



—DE SÚ— ¡UN REMUÑO...
PETO! TRAGUJNOS UN REMUÑO!



¡QUE ME MAREO!




¡CHEGOU A NOSA!

¡LANDRAS REVIRADAS!



¡¡BOORROMM!!



AS INFERNAIS MÁQUINAS
ESTRELECEN!...



...UNHA FORMIDABLE
METAMORFOSE...



...ACTÚA SOBRE ELAS!...



AS MÁQUINAS
QUE VAN DE-
SAPARECENDO
XURDEN OS PE-
NEDOS QUE FO-
RAN DESTRUÍDOS.



POUCO A
POUCO DE,
SOL E POR
ESCOMENZAN
A RECOBRA-LO
COÑECIMENTO.







...TAPIZADA DE TOXOS E CERQUIÑOS, ESTIVO A DESTRIDA POR UNHA BRUTAL EXPLOTAÇÃO!



...SOMENTE A ADECUADA PLANIFICACIÓN NO APROVEITAMENTO DOS RECURSOS NATURAIS...



¡O MESTRE
TEN RAZÓN!



¡O ARCO
DA VELLA!



ARCO DA
VELLA VAITE
DAÍ, QUE ESTA
TÚA AVOA
CHAMANDO
POR TI. (B)

(B) Canção popular

¿QUE VOS PARECE DE
BAIXAR A BEADE
E TOMARLE UNS
GROLOS...



SE
AINDA
ATENDE-
RAN
NA PE-
DRA DO
CARRO!

...DE TINTO
CONTRA O
RESFRIADO?



¡SI! O CATARRO HAI
QUE DARLLE CO
XARRO.

10 BEADE CARBAL
16 RIBADAVIA DE AVIA

- **A** PA-
RAXE
VAISE
QUEDAN-
DO SO-
LITARIA.
A PAZ
REINA NO
LUGAR...




...**E** O ESPÍ-
RITU DE
PENA EN-
SEÑOREÁSE
DE **CORNEI-**
RA, SABEDORA
DE QUE UN
CAMBIO DE
MENTALIDADE
ESTA A COLLER
CORPO.



FIN

De tanto subir a Corneira para documentar-la ambientación do comic que acabas de ler fixen amizade cos pedreiros que ali traballan. Mostráronse amables conmigo e facilitáronme documentación sobre as variedades dos granitos ibéricos. Estes homes recios en continuo trafegar ó ar libre e nun lugar tan fermoso, en nada se parecen ós "hombres picaraña". Lóxicamente entre o mundo imaxinario e o real están os sentimentos.

Emilio e Alfonso Quintero son consentes de que os penedos de Corneira deberían ser respetados, pero eles proceden dunha raza de expertos canteiros e traballar nas pedras é o que mellor saben facer.



VEXETACIÓN NACENDO ENTRE AS PEDRAS

Ainda así, deixarían esta explotación se as autoridades competentes lles ofrecen unha razoable alternativa para eles e o resto dos componentes da empresa. Mentres, Pena Corneira vai mutando. A vida non para e entre os cachotes e bloques fendidos as prantas fan acto de presenza adiantándose a un proceso que, de ser natural o desgaste dos penedos, tardaría millóns de anos en producirse.

A natureza ten múltiples recursos. Co tempo a vexetación fara de verde vendaxe para tan brancas feridas.



EMILIO E ALFONSO QUINTERO

AMPLIANDO COÑECIMENTOS

Nas páxinas seguintes atoparás documentación sobre o granito, formación de Pena Corneira, algo da historia do lugar así como datos biolóxicos dos animais, prantas que interveñen no comic e árbores máis representativas da zona.

Por respecto a **SOL** que é un protagonista, escomenzo aportando información sobre o buxato que o ataca na páxina 29, xa que el mesmo pertence á mesma especie zoolóxica.

Un buxato é unha ave de rapina, membro da *Familia Accipitridae*. Científicamente coñéceselle polo nome de *Buteo buteo* e constitúe a falconiforme de talla media máis abundante de Galiza.

Os buxatos pesan arredor de 800 gramos, teñen unha envergadura duns 130 centímetros e un longo lixeiramente superior ó medio metro.

Estas aves están protexidas pola lei debido á gran cantidade de roedores dañinos que capturan.




Buxato (*Buteo buteo*)

O granito é unha rocha ácida porque contén moito silice. O silice é a denominación que recibe o anhídrido silíceo (SiO_2) que constitúe o cuarzo e as súas variedades. Ademais do seixo, o granito está formado por feldespatos, micas e outros minerais menos representativos.

Para identifica-los minerais que compoñen o duro granito de Pena Corneira, serrouse unha mostra na que se efectuou unha tinción deste xeito:

Despois de atacalo corte na pedra con vapores de fluorhídrico, durante un minuto, lavouse inmediatamente; e a continuación sumerxiuse nunha solución de cobaltonitrato que fixou cor nos feldespatos potásicos (ortosa) e nas micas negras (biotitas); mentres que o cuarzo e as plaxioclasas non se tñeron.



O INSTITUTO XEOLÓXICO E MINEIRO DE ESPAÑA, NO SEU CATALOGO ADICADO AS ROCHAS ORNAMENTAIS, DA PARA O GRANITO GRISAL DE CORNEIRA A SEGUINTE COMPOSICIÓN MINERAL:

COMPOÑENTES PRINCIPAIS:

- . CUARZO OU SEIXO
- . FELDESPATO POTÁSICO (ORTOSA-MICROCLINIZADA)
- . PLAGIOCLASA (OLIGOCLASA)
- . BIOTITA OU MICA NEGRA

COMPOÑENTES SECUNDARIOS:

- . SERICITA } SECUNDARIAS DE PLAGIOCLASAS
- . EPIDOTA }
- . CLORITA. - SECUNDARIA DE BIOTITA

COMPOÑENTES ACCESORIOS:

- . CIRCÓN
- . APATITA
- . OPACOS.

Na sección da pedra sen teñir pódese observar:

1º.- Puntos escuros negros, entre 0,5 e 2 mm, escamosos, con brillo segundo a orientación favorable que corresponden a biotita ou mica negra.

2º.- Individuos irregulares, de 1 a 3 mm. Menos escuros cos anteriores, con aspecto vítreo, e que se os mollamos decatáremos que son máis limpidos e transparentes que calquera outro. Corresponden ó seixo ou cuarzo.

3º.- Individuos de ata 4 cm, tono gris con gretas ó chou pero que presentan superficies de fracturas planas ou escalonadas que reflexan a luz, e que na porción teñida fixan a cor. Corresponden ós feldspatos potásicos responsables da denominación *porfídica* desta granodiorita.

4º.- Por último observarás individuos de ata 1 cm - máis brancos ca todos os outros - que permaneceron brancos tra-lo tinte. Non son transparentes. Corresponden ós plaxioclasas (feldspatos triclínicos calcosódicos) que son os responsables da composición *albitica* destas rochas.

Á vista da análise, na que se apreciou máis abundancia de plaxioclasa que de ortosa, diremos que as rochas de Corneira son granodioritas.

Pola ausencia de "andar", orientación dos cristais, fracturas etc. Confirmamos que son tardías, e *porfídicas* polo tamaño grande dos feldspatos potásicos. É dicir, que os penedos de Corneira, dentro do grupo dos granitos son unha *Granodiorita porfídica tardía*.



PLAXIOCLASA CUARZO BIOTITA
FELDSPATO POTÁSICO



No primeiro mapa indícase en negro a localización do granito na Península Ibérica que, como podes ver, ubícase no chamado Macizo Hespérico e nos eixos das principais cadeas montañosas; e neste mesmo mapa obsérvase como Galicia, caseque todo Portugal, Extremadura e Sistema Central conforman, practicamente, a totalidade do que tamén se chama a Iberia silícea.


Ó noroeste da provincia de Ourense (no segundo mapa), sinalábase a posición de Pena Corneira; e no terceiro aparecen os principais puntos de explotación granítica a nivel do Estado, onde se rexistran unhas 300 canteiras activas, dentre as que destacan as galegas e extremeñas, sendo os granitos galegos: Rosa Porriño, Rosa Dante, Gris Perla, Gondomar, Mondariz, Rosavel, Austral Red, Albeiro San Román e Grissal de Pena Corneira todos de primeirísima e recoñecida calidade.

De antigüidade variable, os granitos constitúen o núcleo de grandes montañas, denominados batolitos; así, o Macizo Galego é todo un único batolito en contacto discordante con outras rochas


NAS VIÑETAS QUE SEGUEN VOUCHE CONTAR COMO XURDIRON OS PENEDOS DE CORNEIRA.




FAI MOITÍSIMO TEMPO (DE 600 A 470 MILLÓNS DE ANOS) FORMARONSE NA SUPERFICIE DO NOSO PLANETA, UNHAS ROCHAS METAMÓRFICAS AS QUE PERTENCEN AS CUARCITAS, ESQUISTOS, AMPELITAS ETC.




DEBAIXO DOS ESTRATOS ROCHOSOS, UNHA MATERIA INESTABLE MOI QUENTE (ENTRE 700 E 1200 GRADOS CENTÍGRADOS) ESCOMENZOU A ENFRIARSE LENTAMENTE.



DE 310 A 320 MILLÓNS DE ANOS FARA QUE, NA ZONA DE CORNEIRA, ESA MATERIA INTERIOR INESTABLE ENFRIOU TOTALMENTE, CONVERTÉNDOSE NUNHA ROCHA PLUTÓNICA DE GRANODIORITA TARDÍA.




CO TEMPO O ATUADO BATOLITO DE GRANODIORITA ELEVOUSE ARREMPUXADO POR FORZAS VERTICAIS EPIROXÉNICAS QUE O LEVANTABAN E FORZAS OROXÉNICAS HORIZONTAIS QUE O COMPRIMÍAN.




POUCO A POUCO A CHUVIA, XIADA VENTO ETC. FORON ELIMINANDO AS CAPAS METAMÓRFICAS DEIXANDO AFLORA-LO PLUTÓN DE GRANODIORITA.



DESPOIS OS MUSGOS, LÍQUENS,
HERBAS, RAÍCES DE PRANTAS ETC.
INSTALANSE NA ROCHA E ESCO-
MENZAN A EROSIONALA.



PASAN OS ANOS E AS FEN-
DEDURAS INICIAS VAN SENDO
CADA VEZ MAIS GRANDES E
PROFUNDAS.




Ø CABO DE MOITOS SÉCULOS
A GRAN ROCHA QUEDA FRACTU-
RADA EN CENTOS DE GRANDES
PENEDOS MAIS OU MENOS CÚBICOS.




A TODO O ANTERIOR LÍNENSE AS FRACTU-
RAS CHAMADAS DIACLASAS, QUE SON DE-
BIDAS Ø CAMBEO DE TEMPERATURA NA
MASA ROCHOSA, SOBRE TODO NOS BORDES
E QUE SERÁN AS GUÍAS DE POSTERIORES
CUARTEOS.



È ASÍ, DESPOIS DUN
MODELADO DE MILLONS
DE ANOS, PODEMOS OLLAR
ESTA ACTUAL DISXUNCIÓN
BOLAR, OBRA MESTRA DA
NATUREZA!






PEDRAS LABRADAS QUE PUDERON PERTENCER O CASTELO DE PENACORNEIRA.



MUROS ENTERRADOS DUNHA ANTIGA CONSTRUCCIÓN.



PEDRA DE MUIÑO NO MURO DUNHA LEIRA.

Sabese pola historia, que en Pena Corneira houbo unha fortaleza na que no ano 1111 Arias Pérez, señor da mesma, retivo prisioneiro o príncipe Alonso Raimúndez de 7 anos, fillo de Afonso I de Aragón e Dona Urraca, rainha de Castela.

A liorta entre a nobreza galega e o Reino de Castela xurdiu cando don Pedro Froilaz, Conde de Eraba, proclama rei de Galicia a Alonso Raimúndez. En desacordo con tal resolución os nobres galegos formaron unha Liga ou Irmandade que, entre outros, recoñecía por xefe a don Pedro Arias, señor do Deza, e que ven sendo pai de Arias Pérez de Pena Corneira. Os principais feitos tiveron lugar nas ribeiras do Miño, en Castela; e alí os da Irmandade fixeron prisioneiros o arcebispo Xelmírez e o príncipe Alonso. Este último sufriria cautiverio no castelo de Pena Corneira

Daquel pasado glorioso apenas quedan vestixios. A revolta galega dos Irmandiños destruíu o castelo, mudo testigo da astucia de Arias Pérez quen ó final negociaría a solta do príncipe, devolvéndolle a liberdade en Pontecesures, podendo así Alonso VII ser coroado, en Santiago, rei de Galicia e posteriormente, no ano 1126, subir tamén ó trono de Castela e León co título de Emperador.

Pola súa relación coa xente da montaña, resulta máis entrañable a historia da Pedra do Carro, nome que recibe o conxunto formado por uns penedos, debaixo dos cales os carreteiros, camiñantes, arrieiros, pastores etc. atopaban refuxio e podían face-la comida, descansar ou queantarre o pe do lume xa que o fumo podía saír por un burato a modo de cheminea natural.

Co tempo o enclave chegou a funcionar como unha especie de pequena fonda, despois de ser acondicionado con unha sinxela obra. Aínda hoxe os máis vellos do lugar lembranse de todo isto.

En 1987 o concello de Carballeda de Avia, ó deseña-lo seu escudo, incluíu no cuartel inferior, en campo de ouro unha serra de cor natural que representa a Pena Corneira, tal e como ves no debuxo.



A BEIRA DA ESTRADA DE BEARIZ, FRENTE Ó CRUCE DE BALDE, ESTÁ A PEDRA DO CARRO.




Na última viñeta da páxina 15 podes ver como un simpático animal fai caer a "De" entre uns toxos. Ben seguro que terás visto bastantes coellos tanto domésticos como silvestres.

De nome científico (*Crytolagus curiculus*), o coello é un mamífero herbívoro pertencente á orde dos lagomorfos, orde que se diferencia da dos roedores en que poseen un segundo par de incisivos interiores, tal e como podes ver no debuxo.

A nosa Península, xunto co noroeste de África son o hábitat natural deste lagomorfo, que debido á intervención humana colonizou outras áreas do Planeta nas que ó non haber depredadores específicos para el, chegou a constituirse en praga. Tal é o caso de Australia que ven a demostrar como a intervención do home no equilibrio natural pode ser catastrófica.

O peso dun coello adulto de monte é de algo máis dun kilo; e vive, se o deixan, sete ou oito anos. As femias son moi prolíficas tendo, polo xeral, de catro a seis crías por parto, podendo chegar a ter nun ano de cinco a sete camadas das que poderían saír uns trinta fillos. Pero a presión do home xunto a dos depredadores mantén o equilibrio no seu hábitat natural que, na actualidade, vense alterado pola introducción da *mixomatose*.





CANDO ESTA NA COVA, SOL, ATÓPASE CON MORCEGOS GRANDES DE FERRADURA (PÁXINA 33).

Os morcegos son mamíferos voadores nocturnos de orixe tropical.

Na Península Ibérica viven máis especies ca no resto de Europa, vintecinco polo menos.



SILUETA DO MORCEGO GRANDE DE FERRADURA

Tanto o nome vulgar deste morcego coma o científico (*Rhinolophus ferrum-equinum*) fan mención a unhas excrecencias en forma de ferradura que o animal ten no nariz.



O morcego de ferradura aliméntase de insectos; e o mesmo cas outras especies, tamén de vista pouco desenvolada, localiza nas tebras as súas presas valéndose da ecolocación.

A finais do verán ou no outono, teñen lugar os apareamentos dos nosos morcegos; e a femia, para evitar que a cría ó nacer sufra as friaxes do inverno - estación na que ela está aletargada-, retén o semen do macho no útero ata a primavera na que se producirá a fecundación dos óvulos.

Na familia *Rhinolophidae* as femias paren un único fillo por parto que é recollido no uropatagio.

NA ECOLOCACIÓN, OS ULTRASÓNS EMITIDOS POLO MORCEGO REFLEXÁNSE NA PRESA OU NOS OBXECTOS, SENDO RECOLLIDO O ECO POLOS OÍDOS DO ANIMAL QUE PODE ASÍ ORIENTARSE.




ALLO DE CAN (*Endymion non-scriptus*)

Este xacinto silvestre, pertencente á familia Liliaceae, medra en lameira nos claros da vexetación ou incluso sobre os penedos que teñan capa de terra, sendo moi abundante desde abril a finais de maio.

O enterrado bulbo é un eficaz pegamento para encolar papeis. Basta con limparlle a terra e frotalo no lugar desexado.

Tan resistentes quedan as superficies unidas que eu de rapaz empregáboo para encolar cometas.




AQUI AMÓSOCHE UNHA PEQUENA
GUÍA DAS ARBORES MAIS
SALIENTABLES DE PENA
CORNEIRA.



BIDUEIRO (*Betula pendula*)



CASTIÑEIRO (*Castanea sativa*)



CERQUIÑO
(*Quercus pyrenaica*)



PIÑEIRO SILVESTRE
(*Pinus sylvestris*)



PIÑEIRO DE REPOBOACION
(*Pinus radiata*)

ACTIVIDADES

Os exercicios (que debes facer) e que aquí se che indican, teñen relación con todo o anterior, anque para algunhas preguntas en concreto deberás buscar ti mesmo información.




Como un menhir natural, móstrase Pena Corneira, vista desde a estrada de Beariz.

- 1 - Un penedo que é: ¿unha rocha ou un mineral? ¿Que é un menhir?
- 2 - Animate e fai o recorrido que se che indica na páxina n:7.
- 3 - ¿Como se lle chama a serra que hai ó Oeste de Pena Corneira?
- 4 - Busca documentación sobre a vida e obra de Víctor López Seoane así como de Rivera.
- 5 - No capítulo IV do libro de Samuel Eiján "Historia de Ribadavia y sus alrededores," atoparás ampla información histórica relacionada co Reino de Galicia e Pena Corneira.
- 6 - A vara como medida de lonxitude, ¿a que longo equivale en metros?
- 7 - ¿Que volumen en metros cúbicos terían os penedos citados por Víctor López Seoane dunhas cinco mil varas cúbicas sen fendeduras?
- 8 - Antes de subir a Pena Corneira e visita-la igrexa de Lamas do século XII, (como fixo a rena da fotografía), toma apuntes sobre a Arte Románica, características etc. para sacar máis partido ás túas observacións.
- 9 - ¿Un coello que é: un roedor ou un lagomorfo? ¿Cal é o seu hábitat natural? Localiza Australia nun mapa. ¿Que pasou alí cos coellos? ¿En que se diferencia a dentadura dun roedor da dun lagomorfo? ¿Que é a mixomatose?
- 10 - Busca información botánica sobre os toxos. ¿Son abundantes?
- 11 - Na primavera recolecta allos de can e emprégaoos como pegamento nalgun traballo escolar.
- 12 - ¿Que figura xeométrica forma un propioño?



- 13 - ¿Cua fórmula química H_2O , que estamos a nomear?
- 14 - ¿O *Homo sapiens* é unha especie rara ou abundante?
- 15 - ¿No teu pobo hai algún grupo ecoloxista? ¿Colaboras con el?
- 16 - ¿Que animais e árbores aparecen na primeira viñeta da páxina 28? ¿Que é a clave de Sol? ¿Sabes algunha cantiga en clave de Sol? En caso de dúbida pregunta ó mestre.
- 17 - ¿Que é un buxato e cal é o seu nome científico? ¿Pode dispararse contra as rapinas?
- 18 - Na páxina 33, Sol, espanta varios morcegos grandes de ferradura. Escribe o nome científico destes quirópteros. ¿Os morcegos son aves ou mamíferos? ¿Como se orientan? Tendo en conta a alimentación dos nosos morcegos, ati que che parecen: daniños ou útiles?
- 19 - ¿Que diferenza hai entre esconxuro e feitiço? ¿Hai cultura en Galicia sobre as bruxas?
- 20 - Busca no diccionario a palabra enerxía. ¿Cal é a fonte de enerxía máis común de Galicia?
- 21 - ¿En Galicia chove moito ou pouco? ¿Serías capaz de describi-lo ciclo da auga na natureza?
- 22 - ¿Que é o vento? ¿É o mesmo ar ca vento? ¿Se o vento é moi forte como se chama?
- 23 - ¿Como se produce a area? ¿És observado algunha vez un remuíño? ¿Como era?
- 24 - A chuvia é un meteoro acuoso, mentres que os lóstregos son un meteoro eléctrico. Pídelle a túa mestra ou mestre que che explique como se producen os tronos e os lóstregos.
- 25 - Busca no diccionario a palabra metamorfose e anota algún dos seus significados.
- 26 - Propón na escola facer unha excursión a Pena Corneira para reforza-los coñecementos sobre a zona e despois redactar un artigo periodístico sobre a necesidade de protexela paraxe.
- 27 - Escribe o nome científico do cerquiño. ¿As landras do cerquiño teñen pedicúculo? ¿Os carballos son árbores típicas de Galicia? ¿Que animal doméstico come landras?

- 28 - Amplia información histórica lendo o libro "A Revolución Irmandiña" de Anselmo López Carreira.
- 29 - Debuxa e pinta do natural, no teu caderno, unha vista da paisaxe de Pena Corneira.
- 30 - O Arco da Vella é un meteoro luminoso. Sabes por que se produce?
- 31 - Na páxina 45 "Sol" fai mención á Pedra do Carro; e na 54 ampliáchesse información sobre ela. Cando subas a Corneira non che será difícil atopala súa ubicación.
- 32 - Di o nome dos minerais máis importantes que compoñen o granito. ¿Que mineral é o SiO_2 ?
- 33 - ¿Que outro nome ten a biotita? ¿Cal é a denominación comercial do granito de Corneira?
- 34 - Os canteiros do lugar chámanlle ó granito porfídico *pedra de gallo*. ¿Por que esta pedra é porfídica; e cal é o mineral máis voluminoso da súa composición?
- 35 - Na túa visita a Pena Corneira, toma unha mostra e identifica os minerais da mesma.
- 36 - Copia o mapa da Península e debuxa nel o Macizo Hespérico e a situación de Corneira.
- 37 - As medidas dun adoquino son as seguintes: 20 cm de longo, 12 cm de ancho e 10 cm de alto. Sabendo que pesa 7 kg, calcular o volumen e peso dun bloque comercial de granito das seguintes medidas: 260 cm de longo, 160 cm de ancho e 100 cm de altura.
- 38 - ¿Cal é o mineral máis duro do granito?
- 39 - ¿Pena Corneira foi sempre así?
- 40 - Como ó chegar aquí xa terás sede, podes refrescala gorraxa e as ideas na auga da fonte que nace debaixo do enorme penedo que hai no exterior da igrexa de Lamas. ¡Ollo que é fría!



Colección: Estudos

- ORIENTACIÓNS PARA A ESCRITA DO NOSO IDIOMA. AS-PG. 3.ª edición.
- A NOSA LITERATURA. UNHA INTERPRETACIÓ PARA HOXE. R.C. Calero, C.P. Martínez P., M. Ferreiro, X.M. Dobarro P. Vázquez C. - AS-PG (Esgotada).

Colección: Literatura infantil

- AS RUAS DO VENTO CEIBE. Versos pra nenos.– Manuel María. 3.ª edición revisada. IGSP.
- BERENGUELA. Teatro para nenos. Manuel María. 2.ª edición. AS-PG.
- ROSALIA PARA RAPACES. Escolma de “Cantares Gallegos”. F. Cuñarro. AS-PG (Esgotada).

Colección: Universitaria

- DA FALA E DA ESCRITA.– Ricardo Carvalho Calero. AS-PG.
- DIDÁCTICA DA LÍNGUA E LITERATURA GALEGA.– Santiago Esteban Radío. AS-PG.
- A REVOLUCIÓN IRMANDIÑA.– Anselmo López Carreira. AS-PG.
- PROBLEMÁTICA DAS LÍNGUAS SEN NORMALIZAR. SITUACIÓ DO GALEGO E ALTERNATIVAS.– Ll. Aracil, P. García N., F. Rodríguez, P. Vázquez C., R. Carballo C., S.E. Radío. 3.ª edición aumentada. IGSP.

Colección: Pensamento Galego

- ANTÓN LOSADA. TEORIA E PRAXE.– R. Regueira, F. Pérez, D. García, M. Aián, 2.ª edición. AS-PG.

Colección: Didáctica

- ENREDOS. MÉTODOS DE LEITURA E ESCRITURA para preescolar e 1.º de EXB.– Xulio Rodríguez, Carme Cidranes, Monserrat Colomer, Elena Outeiro, Agustín Rei, e Sabela Vázquez. AS-PG.

O método consta dos seguintes libros:

- ENREDOS. Libro I con fichas. Para o alumno.
- ENREDOS. Libro II. Para o alumno.
- ENREDOS. Libro do Profesor. Que é a guía didáctica.

Colección: Psicoloxía e Sexoloxía

- O VÍNCULO MAI-FILHO E A SAUDE MENTAL.– John Bowlby. AS-PG.
- ¿QUE FAI O PODER NO TEU LEITO?.– Josep-Vicent Marqués. AS-PG.

Colección: Literatura

- VERSOS DO LUME E O VAGA-LUME.– Manuel María.

Colección Reintegracionismo

- MÉTODO PRÁCTICO DE LÍNGUA GALEGO-PORTUGUESA.– José Martinho Monteiro Santalha. AS-PG.
- ORIENTAÇONS PARA A ESCRITURA DO NOSO IDIOMA. AS-PG.

Colección: Grou. Bioloxía e Ecoloxía

- AS AVES DE RAPINA EN GALIZA. GUIA DE CAMPO E GUIA DIDACTICA.– Pablo Rodríguez “Oitabén”. IGSP.

Colección: Banda deseñada-Didáctica

- A FIGUEIRA. UNIDADES DIDÁCTICAS.– Pablo Rodríguez “Oitabén”. IGSP
- AVENTURA DE SOL POR EN PENA CORNEIRA. UNIDADES DIDÁCTICAS.– Pablo Rodríguez “Oitabén”. IGSP.

Colección: Medicina natural

- MEDICINA NATURAL, POPULAR E CASEIRA. VOLUMEN I: ANATOMIA, FISIOLOXIA E HIXIENE.– Elisardo Bralo Rego.
- MEDICINA NATURAL, POPULAR E CASEIRA. VOLUMEN II: PATOLOXIA E TERAPEUTICA NATURISTA.– Elisardo Bralo Rego
- MEDICINA NATURAL, POPULAR E CASEIRA. VOLUMEN III. ALIMENTOS, SAUDE E PLANTAS MEDICINAIS.– Elisardo Bralo Rego.



Pablo Rodríguez Fernández "Oitabén" é natural de Beade, parroquia ubicada no Ribeiro.

Home polifacético é, como moitos outros galegos, un autodidacta. Exerce o seu labor de profesor no I.B. de Ribadavia. É naturalista, ecoloxista e rehabilitador de especies protexidas por identificación co medio ambiente.

Presidente da Asociación Cultural-Ecolóxica "Ridimoas". Debuxante por condicións naturais e pola necesidade de tomar apuntes do natural para os seus estudos de campo.

Un dos primeiros realizadores de Banda Deseñada de Galicia, pois foi un dos debuxantes da Revista Vagalume.

En conxunto adica o seu traballo á conservación do patrimonio natural e cultural galegos.

Colección: Banda Deseñada-Didáctica n.º 2